



Acta da Xunta de Escola ordinaria do 30 de xaneiro de 2017

Anexos:

- I. Convocatoria de Xunta de Escola do 30/01/2017.
- II. Asistentes á Xunta de Escola do 30/01/2017.
- III. Plan de Viabilidade do Grao en Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos.
- IV. Calendario para a tramitación das defensas de PFC na titulación de Enxeñeiro/a de Minas.
- V. Calendario do Máster en Xeoinformática 2016/2017.
- VI. Modificacións do regulamento de TFG da ETSE de Minas.

Ábrese a sesión ás 13 horas e 5 minutos, na Sala de Xuntas do módulo de Dirección da Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía, presidida pola Directora, Dona Natalia Caparrini Marín, e trátanse os seguintes puntos da orde do día:

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior: ordinaria celebrada o 16 de decembro de 2016.

Enviouse por correo electrónico xunto coa convocatoria desta Xunta de Escola.

O profesor Don José María Correa solicita unha modificación no punto 6 da acta no que se refire á aprobación, se procede, da solicitude de apertura dun procedemento de información reservada sobre un incidente producido na Escola. A modificación supón eliminar o primeiro parágrafo e anexar o escrito recibido na dirección e que recolle o mencionado incidente.

A Xunta de Escola aproba, suxeito ás correccións mencionadas, a acta da sesión anterior: ordinaria celebrada o 16 de decembro de 2016.

Unha vez aprobada será publicada definitivamente na sección de DESCARGAS ACTAS E GASTOS de acceso libre da web do centro:

<http://etseminas.uvigo.es/es/descargas-de-documentos/descargas-de-actas-e-gastos/actas-xunta-da-escola/>



Centro certificado
FIDES-AUDIT

Rúa Maxwell
Campus de Vigo
36310 Vigo
España

Tel. 986 812 205
Fax 986 811 924

<http://etseminas.uvigo.es/>
xnaxm@uvigo.es



2. Informe da Directora

A Directora informa:

- Enviouse unha enquisa a todos os egresados da Escola para obter datos sobre a inserción laboral dos nosos titulados. A porcentaxe de participación rexistrada ata o momento amósase na seguinte táboa:

	Promociones	Egresados	Encuestados	Respuestas	Participación
INGENIERÍA DE MINAS	19	713	567	117	21%
GRADO IRME	3	34	30	10	33%
GRADO IE	3	97	90	31	34%
		844	687	158	23%

- O 10 de xaneiro a dirección asistiu a unha reunión convocada pola Vicerreitora de Estudantes para tratar os prazos de resolución de avaliacións curriculares das titulacións para extinguir.
- O 12 de xaneiro a dirección e o subdirector de infraestruturas David Patiño mantiveron unha reunión co Vicerreitor de Economía e Planificación, o Director da Unidade Técnica e o Comisionado de Plans Estratéxicos para falar das necesidades do centro da súa competencia.
- Co fin de actualizar os datos de titorías do segundo cuadrimestre, rógase que se consulten os datos publicados na páxina web da Escola (<http://etseminas.uvigo.es/profesorado/>) e que se comunique ao Negociado de Asuntos Xerais calquera cambio.
- Púxose en marcha o proceso de Enquisas de Avaliación Docente (EAD) do 2º cuadrimestre. O prazo de planificación individual por parte do profesorado termina o 10 de febreiro. Naqueles casos no que o profesorado non tivese planificada a enquisa, serán os coordinadores de titulación os responsables de planificalas ata o 20 de febreiro.
- Do 23 ao 26 de xaneiro celebrouse na Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía a 14ª edición da Escola de Inverno da rede española de Sistemas Dinámicos (DANCE) <http://www.dance-net.org/rtns2017/>.



Centro certificado
FIDES-AUDIT



Rúa Maxwell
Campus de Vigo
36310 Vigo
España

Tel. 986 812 205
Fax 986 811 924

[http://etseminas.uvigo.es/
xnaxm@uvigo.es](http://etseminas.uvigo.es/xnaxm@uvigo.es)



Foi organizado polo profesor Don Eduardo Liz, coordinador dun dos 21 equipos de investigación españois da rede, e asistiron uns 80 investigadores. A dirección agradece esta iniciativa.

- O 25 de xaneiro celebrouse, dentro do programa de Mentoring MEET-Minas 2016-17 xunto coa Facultade de Químicas, a conferencia sobre fortaleza mental "Como adiestrar a tu dragón" impartida por Carmen Salvador, especialista en recursos humanos.
- O 26 de xaneiro o SIOPE organizou a I Xornada de Orientación Universitaria co obxectivo de achegar a Universidade ao futuro alumnado universitario. A Escola participou cunha caseta no pavillón de deportes e con dúas charlas informativas sobre os graos. Pola xornada pasaron 1500 estudantes de 26 centros de ensino secundario.
- O 26 de xaneiro a dirección foi convocada polo reitor para tratar do tema do mapa de titulacións da UVigo. A finais de febreiro haberá unha rolda de prensa onde se presentará a oferta de novas titulacións.
En canto aos graos, só poderán propoñerse novos se é a cambio da supresión doutro ou cando se enriqueza a oferta actual cumprindo unha serie de criterios. O reitorado aposta polo Grao en Enxeñaría Biomédica ofertado pola Escola de Enxeñaría Industrial.
En canto aos mestrados, débese presentar a declaración de interese antes do 15 de febreiro, as propostas poden ser tanto para implantar no curso 2018-19 como para o 2019-20.
- O 26 de xaneiro recibíuse a Resolución Reitoral pola que se publicaba a listaxe provisional de plans aprobados e denegados da convocatoria para implantar Plans de Internacionalización. O plan presentado para os graos do centro foi denegado debido a que a proposta de materias en inglés só incluía grupos prácticos. Dispónse ata o 10 de febreiro para presentar alegacións.
- O 27 de xaneiro a dirección asistiu ao acto de Santo Tomás de Aquino celebrado no Campus de Vigo onde Luís Gandarela Campos e José Ignacio Igrexas Prado recolleron sendos Premios Extraordinarios Fin de Carreira.



Centro certificado
FIDES-AUDIT

Rúa Maxwell
Campus de Vigo
36310 Vigo
España

Tel. 986 812 205
Fax 986 811 924

<http://etseminas.uvigo.es/>
xnaxm@uvigo.es



- Publicouse a Execución do orzamento 4º trimestre 2016 na sección de DESCARGAS /ACTAS E GASTOS de acceso libre da web do centro:

<http://etseminas.uvigo.es/es/descargas-de-documentos/descargas-de-actas-e-gastos/actas-xunta-da-escola>

3. Aprobación, se procede, do Plan de Viabilidade do Grao en Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos.

A Directora fai unha exposición da cronoloxía e situación actual do Plan de Viabilidade do Grao en Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos:

- O 9 de febreiro de 2015 a Secretaría Xeral de Universidades solicito un plan de viabilidade para o grao IRME en base ao Decreto 222/2001.
- O 23 de abril de 2015 aprobouse en Xunta de Escola o plan de Viabilidade .
- O 3 de xuño de 2015 recibíuse o informe favorable da ACSUG.
- O 14 de decembro de 2016 a Xunta de Galicia solicitou o informe de cumprimento de obxectivos do plan de viabilidade seguindo as directrices do informe de avaliación do Plan emitido pola ACSUG.

No informe de cumprimento (Anexo III) elaborado pola dirección, recóllense os catro puntos de mellora propostos por la ACSUG así como os 19 puntos aprobados na antiga Xunta de Escola do 23 de abril de 2015.


A Xunta de Escola aproba por asentimento o informe de cumprimento do Plan de Viabilidade do Grao en Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos.

4. Aprobación, se procede, do calendario para a tramitación das defensas de PFC na titulación de Enxeñeiro/a de Minas.

Enviouse por correo electrónico xunto coa convocatoria desta Xunta de Escola (Anexo IV).

O Plan de Estudos de Enxeñaría de Minas extínguese este curso, sendo o prazo máximo para a defensa do PFC o 30 de setembro de 2017. Por esta razón, e en previsión de que se produza un número elevado de solicitudes de defensa, propónse a aprobación dun calendario. Este calendario permitiría a defensa dos PFC de maneira graduada, garantindo así a formación dos tribunais

A Xunta de Escola aproba por asentimento o calendario para a tramitación das defensas de PFC na titulación de Enxeñeiro/a de Minas. Unha vez aprobada será publicada definitivamente na web do centro.



5. Aprobación, se procede, do calendario do Máster en Xeoinformática para este curso académico 2016/2017.

Enviouse por correo electrónico xunto coa convocatoria desta Xunta de Escola (Anexo V). A modificación proposta supón engadir as datas de defensa de TFM e prazos de solicitude. A Xunta de Escola aproba por asentimento o calendario do Máster en Xeoinformática para este curso académico 2016/2017 que será publicado na web do centro:

<http://etseminas.uvigo.es/planificacion-academica/calendario-escolar/>

6. Aprobación, se procede, da modificación do Regulamento de TFG da ETSE de Minas.

Enviouse por correo electrónico xunto coa convocatoria desta Xunta de Escola (Anexo VI). As modificacións propostas son as seguintes:

1. Eliminar a aprobación do título e de director pola Comisión Permanente.
2. Entrega Electrónica de Memoria e Póster.
3. Non definir o estilo.
4. Recomendar a extensión máxima da memoria a 80 páxinas
5. Entrada en vigor do regulamento en xuño 2017

Estes puntos foron discutidos e consensuados con representantes de alumnos.

O alumno Don Marcos González Bello suxire que se faga un seguimento da lonxitude das futuras memorias defendidas para analizar a adecuación e ver se hai que modificar a extensión recomendada.

A Xunta de Escola aproba por asentimento a modificación do Regulamento de TFG da ETSE de Minas. Unha vez aprobada será publicada definitivamente na sección de **NORMATIVAS** da web do centro:

<http://etseminas.uvigo.es/etseminas/normativas/>

7. Substitución, se procede, dun membro (sector: estudantes) na Comisión Permanente da ETSE de Minas.

Non se presentaron candidaturas, polo que a praza queda deserta.



Rúa Maxwell
Campus de Vigo
36310 Vigo
España

Tel. 986 812 205

Fax 986 811 924

<http://etseminas.uvigo.es/>

xnaxm@uvigo.es



8. Rogos e preguntas

Non se producen intervencións

Sen máis asuntos que tratar, levántase a sesión ás 13 horas e 35 minutos do día de hoxe, do que como Secretaria dou fe en Vigo, a trinta de xaneiro de dous mil dezasete.

Vº e Prace

A Directora

A Secretaria

Natalia Caparrini Marín

Ángeles Saavedra González



Centro certificado
FIDES-AUDIT



Rúa Maxwell
Campus de Vigo
36310 Vigo
España

Tel. 986 812 205
Fax 986 811 924

<http://etseminas.uvigo.es/>
xnaxm@uvigo.es



ANEXO I

Convocatoria de Xunta de Escola do 30/01/2017



Centro certificado
FIDES-AUDIT



Rúa Maxwell
Campus de Vigo
36310 Vigo
España

Tel. 986 812 205
Fax 986 811 924

<http://etseminas.uvigo.es/>
xnaxm@uvigo.es



ANEXO II

Asistentes á Xunta de Escola do 30/01/2017



Centro certificado
FIDES-AUDIT



Rúa Maxwell
Campus de Vigo
36310 Vigo
España

Tel. 986 812 205
Fax 986 811 924

<http://etseminas.uvigo.es/>
xnaxm@uvigo.es



Profesorado	
1.	Alonso Prieto, Elena
2.	Álvarez Vázquez, Lino José
3.	Araújo Fernández, María
4.	Caparrini Marín, Natalia
5.	Correa Otero, Antonio
6.	Correa Otero, José María
7.	Díez Ferrer, José Bienvenido
8.	Eguía Oller, Pablo
9.	García Bastante, Fernando
10.	González Jorge, Higinio
11.	Iglesias Comesaña, Carla
12.	Mandado Vázquez, Alfonso Modesto
13.	Pérez Pérez, Carmen
14.	Rivas Brea, Teresa
15.	Saavedra González, Ángeles
16.	Vijande López, Javier
Alumnado	
17.	González Bello, Marcos
18.	Juncal Rosales, Mariola
19.	Pérez Sanmamed, Víctor
20.	Veleiro Pinal, Iván
PAS	
1.	Romo Pérez, M ^a del Carmen

Total membros Xunta de Escola:	49
Asistentes:	21

Escusan a súa ausencia: Dona Marta Cabeza Simó



Centro certificado
FIDES-AUDIT



Rúa Maxwell
Campus de Vigo
36310 Vigo
España

Tel. 986 812 205
Fax 986 811 924

<http://etseminas.uvigo.es/>
xnaxm@uvigo.es



ANEXO III

Plan de Viabilidade do Grao en Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos.



Centro certificado
FIDES-AUDIT



Rúa Maxwell
Campus de Vigo
36310 Vigo
España

Tel. 986 812 205
Fax 986 811 924

<http://etseminas.uvigo.es/>
xnaxm@uvigo.es



ANEXO IV

Calendario para a tramitación das defensas de PFC na titulación de Enxeñeiro/a de Minas.



Centro certificado
FIDES-AUDIT



Rúa Maxwell
Campus de Vigo
36310 Vigo
España

Tel. 986 812 205
Fax 986 811 924

<http://etseminas.uvigo.es/>
xnaxm@uvigo.es



ANEXO V

Calendario do Máster en Xeoinformática 2016/2017.



Centro certificado
FIDES-AUDIT



Rúa Maxwell
Campus de Vigo
36310 Vigo
España

Tel. 986 812 205
Fax 986 811 924

<http://etseminas.uvigo.es/>
xnaxm@uvigo.es



ANEXO VI

Modificacións do regulamento de TFG da ETSE de Minas